



*Entidade Local Menor
de Bembrive*

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA VECIÑAL NÚM. 9/2022, DO DIA 29
DE SETEMBRO DE 2022**

Na sede da Entidade Local Menor de Bembrive, sendo ás vinte horas e vinte e seis minutos do xoves día 29 de setembro de 2022, previa convocatoria de sesión ordinaria realizada pola Alcaldía mediante Resolución de 26 do mesmo mes, reúnese a Xunta Veciñal, baixo a Presidencia do Alcalde-Pedáneo, D. Marcos Castro González, asistindo os seguintes vocais:

D ^a . Patricia Otero Carrera	PSdeG – PSOE
D. José González Domínguez	PSdeG – PSOE
D ^a . Antía González Fernández	PSdeG – PSOE
D. Manuel Costas Costas	PSdeG – PSOE

Asiste á sesión, en calidade de secretaria da Corporación, Patricia Alvarellos Leis.

O obxecto da sesión é o tratamento e resolución dos seguintes puntos da

ORDE DO DÍA

I. PARTE RESOLUTIVA:

1. Acta anterior:
 - Núm. 8/2022, do 25 de agosto de 2022.
2. Concesión da distinción “XII mazá de ouro da ELM de Bembrive” de 2022.
3. Cesión gratuíta de dez equipos informáticos ao C.E.I.P Mosteiro e ao C.E.I.P Chans.
4. Aprobación inicial, se procede, da modificación orzamentaria núm. 3/2022 na modalidade de crédito extraordinario financiado mediante baixas doutros créditos, do vixente orzamento do ano 2022 por importe de 3.352,00 €.
5. *Proposta da Alcaldía-Pedanía de levantamento de reparo suspensivo da Intervención, da factura da relación de Xustificantes de Gasto núm. 2022 29 polo importe de 3.352,00 €, quedando supeditado a súa aprobación, recoñecemento da obriga e posterior pago á entrada en vigor da modificación orzamentaria 3/2022 CE (punto 4).*
6. Aprobación inicial, se procede, da modificación orzamentaria núm. 4/2022 na modalidade de Transferencia de Créditos entre partidas de distinta vinculación xurídica, por importe de 22.000 €.

II. PARTE DE CONTROL:

7. Resolucións da alcaldía – pedanía.
8. Rogos e preguntas.



Entidade Local Menor de Bembrive

Ábrese a sesión polo Sr. Alcalde Pedáneo á hora arriba indicada.

Acto seguido, procédese ao tratamento dos puntos da ORDE DO DÍA:

1. Acta anterior:

- Núm. 8/2022, do 25 de agosto de 2022.

Sometida á consideración da Xunta Veciñal o borrador da acta da sesión citada, distribuída coa convocatoria desta sesión, e ao non producirse intervencións, declárase aprobada por unanimidade dos asistentes.

2. Concesión da distinción “XII mazá de ouro da ELM de Bembrive” de 2022.

O Alcalde dá conta da proposta do 26.09.2022 co seguinte contido:

“Este é o décimo segundo ano consecutivo que a Entidade Local Menor de Bembrive concede a “MAZÁ DE OURO” de acordo ao regulamento aprobado pola Xunta Veciñal o 23 de novembro de 2011 que convalidou o acordo do 28.09.2011 na que se otorgaba o primeiro galardón.

Por Decreto de Alaldía-Pedanía ponse en marcha o proceso facendo as seguintes dilixencias:

1º.- Convocar a todos os membros da Xunta Veciñal, así como os representantes dos colectivos veciñais que colaboran na XXIV edición da festa da sidra para que fixeran as súas propostas, ben personais ou en nome das distintas asociacións.

2º.- Valorar de xeito conxunto as propostas recibidas.

3º.- Recadar información sobre a proposta recibida, tendo en conta especialmente a do colectivo que fixo a proposta, pois xa traballaran na súa argumentación.

Concorren os seguintes argumentos:

1º- Existe constancia testimonial de actividade desde a década dos anos setenta, polo tanto con total seguridade ten unha existencia de máis de 50 anos, sendo a festa do Santiago Apóstolo o patrón da nosa parroquia e a romaría do San Brais un



Entidade Local Menor de Bembrive

referente na nosa comunidade sendo declarada no ano 2019 festa de interés turístico de Galicia.

2º- Pola súa labor de socialización na parroquia, estreitando vínculos entre mozos e adultos que forman parte desta entidade, resultando así un elemento fundamental como motor socio económico e cultural da nosa parroquia.

3º- Polo seu gran compromiso facendo das nosas festas un elemento imprescindible na conservación dos nosos costumes e tradicións, resultando así unha gran forma de expansión turística promocionando e difundindo o nome de Bembrive mais aló das fronteiras da nosa comarca chegando a totalidade da nosa comunidade autónoma.

Por todo isto propoñemos para a concesión da XII MAZÁ DE OURO DA ENTIDADE LOCAL MENOR A ASOCIACIÓN “IRMANDADE DE FESTAS SAN BLAS E SANTIAGO”.

.....
No expediente consta informe da Secretaría Intervención, emitido o 22.09.2022.
.....

Non se producen intervencións.

ACORDO: Sométese o asunto a votación, resultando que por unanimidade dos membros presentes (do Sr. Alcalde e dos vocais, Sra. Otero Carrera, Sr. González Domínguez, Sra. González Fernández e Sr. Costas Costas), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

3. Cesión gratuita de dez equipos informáticos ao C.E.I.P Mosteiro e ao C.E.I.P Chans.

O Alcalde dá conta do informe-proposta de secretaría do 23.09.2022 co seguinte contido:

“PRIMEIRO. Ceder gratuitamente ao C.E.I.P. Mosteiro Bembrive os seguintes bens mobles propiedade desta Entidade Local:

EPÍGRAFE 7º - MOBILIARIO			
Nº de orde do Inventario:	185	Nº de orde do Grupo:	1MOBI00038
Descripción:			



*Entidade Local Menor
de Bembrive*

5 EQUIPOS INFORMÁTICOS	
P IV-512 MB-120 GB CON DVD-WEBCAM Y MONITOR TFT 17"	
Localización:	SEDE SOCIAL-PLANTA PRIMEIRA
Carácter dominio:	Servicio Público
Dato contabilidade:	
Valor:	14429,66

Para que sexa destinado ao uso de:

No caso do C.E.I.P. Mosteiro – Bembrive, estes equipos serán destinados a obxectivos de utilidade pública e interese social en beneficio dos 200 alumnos matriculados no centro.

SEGUNDO. Ceder gratuitamente ao C.E.I.P. Chans Bembrive os seguintes bens mobles propiedade desta Entidade Local:

EPÍGRAFE 7º - MOBILIARIO			
Nº de orde do Inventario:	185	Nº de orde do Grupo:	1MOBI00038
Descripción:			
5 EQUIPOS INFORMÁTICOS			
P IV-512 MB-120 GB CON DVD-WEBCAM Y MONITOR TFT 17"			
Localización:	SEDE SOCIAL-PLANTA PRIMEIRA		
Carácter dominio:	Servicio Público		
Dato contabilidade:			
Valor:	14429,66		

Para que sexa destinado ao uso de:

No caso do C.E.I.P. Chans – Bembrive irán destinados a substituír aos actuais existentes na biblioteca do centro, avariados e obsoletos. A biblioteca escolar é un elemento dinamizador da vida escolar e de uso por parte de toda a comunidade educativa.

Unha dotación informática eficiente é necesaria para acceder as fontes de coñecemento nestes tempos. Ao mesmo tempo a alfabetización e mellora da competencia dixital é un dos piares da formación dos cidadáns do futuro e unha das importantes labores da escola.

TERCEIRO. A adopción do presente acordo de cesión leva implícito a desafectación dos bens mobles que se ceden citados nos apartados primeiro e segundo, de conformidade co disposto no artigo 142.2 da LPAP 33/2003.



*Entidade Local Menor
de Bembrive*

CUARTO. Notificar aos interesados o presente acordo.

QUINTO. Anotar a cesión gratuíta no Inventario desta Entidade Local de Bens ao efecto de actualizalo.

SEXTO. Facultar ao Alcalde-Pedáneo, para que subscriba todas as actuacións que se deriven do expediente.

Se a presente proposta se eleva á Xunta Veciñal, a que subscribe informa, en cumprimento do artigo 54 do Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que o devandito Acordo se adecuará á Lexislación aplicable.

No entanto, a Corporación acordará o que estime pertinente.”

.....

Non se producen intervencións.

ACORDO: Sométese o asunto a votación, resultando que por unanimidade dos membros presentes (do Sr. Alcalde e dos vocais, Sra. Otero Carrera, Sr. González Domínguez, Sra. González Fernández e Sr. Costas Costas), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

4. Aprobación inicial, se procede, da modificación orzamentaria núm. 3/2022 na modalidade de crédito extraordinario financiado mediante baixas doutros créditos, do vixente orzamento do ano 2022 por importe de 3.352,00 €.

O Alcalde dá conta da proposta do 26.09.2022 co seguinte contido:

“Ánte a existencia dun gasto que non pode demorarse até o exercicio seguinte, para o que non existe crédito, e dado que se dispón doutra aplicación do Orzamento vixente non comprometida, cuxa dotación se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, por todo iso faise preciso a modificación de créditos do Orzamento en vigor, na modalidade de crédito extraordinario financiado con cargo a anulacións ou baixas de créditos doutra aplicación, por medio da presente,

Vista a necesidade de pagamento dun xustificante de gasto cuxa adquisición resultou urxente e necesaria, según consta na memoria xustificativa emitida por esta Alcaldía-Pedanía.



*Entidade Local Menor
de Bembrive*

Vista a existencia de crédito dispoñible, e de acordo cos principios de economía e eficiencia que deben presidir o gasto público consideráse urxente realizar no ano en curso o pago proposto.

Visto o informe de Secretaría-Intervención emitido con data 26 de setembro de 2022.

Á vista do exposto, e da competencia plenaria na materia, propoño á Xunta Veciñal desta Entidade Local, a aprobación da seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación de crédito núm. 3/2022 na modalidade de crédito extraordinario financiado mediante Baixa noutras aplicacións conforme ao seguinte:

Altas en Aplicacións de Gastos

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE (€)
326.625	Servizo complementario de educación. Mobiliario.	3.352,00
TOTAL		3.352,00

Baixas ou Anulacións en Concepto de Gastos

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE
153.210	Vías públicas. Infraestructuras e bens naturais.	3.352,00
TOTAL		3.352,00

SEGUNDO.- Expor ao público o expediente da modificación de crédito por prazo de quince días, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra a efectos de presentación de reclamación polos interesados.

TERCEIRO.- Considerar relevados a definitivos este Acordo no caso de que non se presente ningunha reclamación, procedéndose a dar cumprimento ao trámite da súa publicación, resumida por Capítulos no Boletín Oficial da Provincia.

Non obstante, a Xunta Veciñal acordará o que estime pertinente.”

.....



Entidade Local Menor de Bembrive

No expediente consta informe da Secretaría Intervención, emitido o 26.09.2022, cuxas conclusións son as seguintes:

“Á vista do informado o expediente cumpre os requisitos formais previstos no TRLRFL para os supostos de modificacións orzamentarias.

Non obstante, dada a situación económica e financeira da ELM de Bembrive a xuízo desta intervención considérase oportuno poñer de manifesto as seguintes consideracións:

1ª.- O artigo 173.5 do TRFLFL sinala, expresamente, que non poderán adquirirse compromisos de gastos por contía superior ao importe de créditos autorizados no estado de gastos, sendo nulos de pleno dereito os acordos, resolución e actos administrativos que infrinxan a expresada norma, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar.

2ª.- A realización de gastos sen consignación orzamentaria e o posterior recoñecemento e abono, supón, como se ven indicando reiteradamente dende esta Intervención, unha práctica totalmente indebida que obedece a unha falta de control do gasto e que inflúe moi negativamente no equilibrio económico desta Entidade Local.

3ª.- Por todo elo, esta Intervención reitera a necesidade de tomar medidas contundentes de control do gasto público que eviten que no futuro se reitere dita circunstancia”.

.....

Non se producen intervencións.

ACORDO: Sométese o asunto a votación, resultando que por unanimidade dos membros presentes (do Sr. Alcalde e dos vocais, Sra. Otero Carrera, Sr. González Domínguez, Sra. González Fernández e Sr. Costas Costas), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

5. Proposta da Alcaldía-Pedanía de levantamento de reparo suspensivo da Intervención, da factura da relación de Xustificantes de Gasto núm. 2022 29 polo importe de 3.352,00 €, quedando supeditado a súa aprobación, recoñecemento da obriga e posterior pago á entrada en vigor da modificación orzamentaria 3/2022 CE (punto 4).

O Alcalde dá conta da proposta do 26.09.2022 co seguinte contido:



Entidade Local Menor de Bembridge

“En relación ao expediente de pagamento da factura incluída na relación de xustificantes de gasto núm. 2022 29 por un importe total conxunto de 3.352,00 €, emítense proposta en base aos seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. – Vista a necesidade de pagamento da factura incluída na relación de xustificantes de gasto núm. 2022 29 correspondente ao xustificante de gasto que a continuación se enumera por un importe total de 3.352,00 €.

Núm. fra.	Data fra.	Data rexistro	Núm. Xust. Gto	Terceiro	Importe (€) *
FE22-17	12.07.2022	12.07.2022	2022 66000207	F27823442	3.352,00
TOTAL					3.352,00

*IVE incluído

SEGUNDO. - Que o 23 de setembro de 2022 emitíuse informe por parte da secretaria-interventora interpoñendo reparo suspensivo por carecer de consignación orzamentaria na bolsa de vinculación xurídica e por omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais - TRLRFL-.
- RD 424/2017 do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

Por elo, visto o informe da secretaria-interventora de data 23 de setembro de 2022 que obra no expediente, dispoño que pase este para o seu debate e aprobación na vindeira sesión da Xunta Veciñal que se celebre, coa seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. – **Levantar o reparo suspensivo** interposto pola Secretaria-Interventora, tendo en conta que para a aprobación do citado gasto incluído na relación de Xustificantes de gasto 2022 29 adxunta, polo total expresado de 3.352,00 euros, e posterior recoñecemento da obriga e orden de pago deberá aprobarse definitivamente e entrar en vigor a modificación de crédito correspondente.

Non obstante, a Xunta Veciñal acordará o que estime pertinente.”

.....



Entidade Local Menor de Bembrive

No expediente consta informe da Secretaría Intervención, emitido o 23.09.2022, cuxas conclusións son as seguintes:

“Como consecuencia de todo o anteriormente exposto, procede **fiscalizar desfavorablemente** e formular **reparo suspensivo**, conforme ao disposto nos artigos 216 a) e c) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, por carecer de crédito e por omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais que dan lugar a nulidade do acto administrativo, en virtude do artigo 39.1 da LCSP que remite ao art. 47 e) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPACAP) e art. 39.2 b) da LCSP por prescindir total e absolutamente do procedemento legalmente establecido.

O citado reparo ten carácter suspensivo e corresponde á Xunta Veciñal resolver a discrepancia de conformidade cos artigos 217.2 a) do TRLRFL e 15.2 a) do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local.

Por tanto, dáse conta do presente reparo ao órgano da Entidade Local correspondente (Xunta Veciñal) para que adopte as decisións que procedan en relación coa normativa exposta.

De non realizarse este (como se está a observar noutros expedientes), lembrar que o artigo 28 da Lei de Transparencia e Bo Goberno recolle como **infracción moi grave** “d) A omisión do trámite de intervención previa dos gastos, obrigacións ou pagos, cando esta resulte preceptiva ou do procedemento de **resolución de discrepancias fronte aos reparos suspensivos da intervención**, regulado na normativa orzamentaria”, que neste caso afectará ao órgano que determine a continuación do procedemento (Xunta Veciñal), sen agardar a que se leve a cabo o procedemento descrito nos artigos 12 e 15 do RD 424/2017.

(...)”

.....

Non se producen intervencións.

ACORDO: Sométese o asunto a votación, resultando que por unanimidade dos membros presentes (do Sr. Alcalde e dos vocais, Sra. Otero Carrera, Sr. González Domínguez, Sra. González Fernández e Sr. Costas Costas), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

6. Aprobación inicial, se procede, da modificación orzamentaria núm. 4/2022 na modalidade de Transferencia de Créditos entre partidas de distinta vinculación xurídica, por importe de 22.000 €.

O Alcalde dá conta da proposta do 26.09.2022 co seguinte contido:



*Entidade Local Menor
de Bembrive*

“PRIMEIRO. - Aprobar o expediente de modificación de créditos núm. 4/2022, coa modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de distinta área de gasto, como se indica de seguido:

Aplicacións de Gastos

DA APLICACIÓN	IMPORTE	ÁS APLICACIÓNS	IMPORTE
153.210. Vías públicas. Infraestructuras e bens naturais.	- 22.000	920.220. Administración xeral. Material de oficina.	500
		920.221. Administración xeral. Subministrados.	3.100
		920.222. Administración xeral. Comunicacions.	1.000
		920.226. Administración xeral. Gastos diversos.	3.000
		920.227. Administración xeral. Traballos realizados por outras empresas e profesionais.	9.000
		920.233. Administración xeral. Outras indemnización.	5.400
TOTAIS	- 22.000	TOTAIS	+ 22.000

SEGUNDO. Expoñer este expediente ao público mediante anuncio no taboleiro de edictos desta Entidade Local e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, polo prazo de quince días, durante os cales os solicitados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, conforme ao disposto no artigo 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, a Xunta Veciñal dispoñerá dun prazo dun mes para resolvelas. ”

.....
No expediente consta informe favorable da Secretaría Intervención, emitido o 26.09.2022.

.....
Non se producen intervencións.



Entidade Local Menor de Bembridge

ACORDO: Sométese o asunto a votación, resultando que por unanimidade dos membros presentes (do Sr. Alcalde e dos vocais, Sra. Otero Carrera, Sr. González Domínguez, Sra. González Fernández e Sr. Costas Costas), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

II. PARTE DE CONTROL:

7. Resolucions da alcaldía – pedanía.

De conformidade ao recollido nos art. 22.2 da Lei 7/1985 e art. 42 do RD 2568/1986 polo que se aproba o ROF, pola Presidencia dase conta da relación das resolucions adoptadas pola mesma dende a convocatoria da sesión do 25.08.2022 ata a desta, e que estiveron á disposición dos Sres. e Sras. vogais dende a convocatoria desta sesión:

- 075 26.08.2022 **Salvar reparo suspensivo** de Intervención e continuar tramitación de expte. e **aprobar relación de 11 xustific. de gasto, nº 23/2022** (servizos e subministrados), e orde de **recoñecemento** con cargo á corresp. partida para o seu pago, **por impte. bruto de 1.832,57 €.**
- 076 26.08.2022 Aprobación xustificante, recoñecemento da obriga de gasto e **orde do pago ao Concello de Vigo** pola taxa anual correspondente a exaccions unif. Industriais (lixo oficinas) de tributos municipais ano 2022 por impte de 173,05 €.
- 077 29.08.2022 **Adxudicación de contrato menor** de obras de “**Reparación de canle de pluviais na Rúa Igrexa 31-33**” a **Alberto Fernández Gómez**, por importe total de **3.908,30 €.** Expte. 7/2022.
- 078 29.08.2022 Recoñecemento de obriga do gasto e **orde de pago a 3 corporativos por asistencia a unha sesión da Xunta Veciñal en agosto 2022**, por impte. bruto total de **1.350,00 €.**
- 079 30.08.2022 **Salvar reparo suspensivo** de Intervención e continuar tramitación de expte. e **aprobar relación de 3 xustific. de gasto, nº 25/2022** (reforma obra civil toma auga Mourelle), e orde de **recoñecemento** con cargo á corresp. partida para o seu pago, **por impte. bruto de 248,05 €.**
- 080 30.08.2022 **Salvar reparo suspensivo** de Intervención e continuar tramitación de expte. e **aprobar relación de 3 xustific. de gasto, nº 26/2022** (servizos e subministrados), e orde de **recoñecemento** con cargo á corresp. partida para o seu pago, **por impte. bruto de 1.137,78 €.**



*Entidade Local Menor
de Bembridge*

- 081 31.08.2022 Recoñecemento da obriga de gasto e **orde do pago das nóminas** do persoal laboral, funcionario e dos membros da Xunta Veciñal con dedicación, relativas ao mes de **agosto, por 7.536,44 €** (impte. neto).
- 082 05.09.2022 Aprobación xustificante, recoñecemento da obriga de gasto e **orde do pago ao Concello de Vigo** pola taxa anual correspondente a entrada de vehículo garaxe en Monte Calvario 9 de tributos municipais ano 2022 por impte de 49,45 €.
- 083 06.09.2022 **Aprobación de relación de 1 xustif. de gasto, nº 28/2022** (servizo da Mancom. de Montes de Vigo por roza de pistas forestais), e orde de **recoñecemento** con cargo á corresp. partida para o seu pago, **por impte. bruto de 8.258,25 €**.
- 084 07.09.2022 **Adxudicación de contrato menor** de obras de “**Reparación no manancial da Fonte da Amieira**” a **Alberto Fernández Gómez**, por importe total de **580,80 €**, *expte 8/2022*.
- 085 08.09.2022 **Salvar reparo suspensivo** de Intervención e continuar tramitación de expte. e **aprobar relación de 1 xustif. de gasto, nº 27/2022** (servizo do C. Ciclista Vigués), e orde de **recoñecemento** con cargo á corresp. partida para o seu pago, **por impte. bruto de 3.388 €**.
- 086 16.09.2022 **Concesión de subvencións directas a 6 Asociacións**, por importe total de **14.200 €**, *expte 37/2022*.
- 087 20.09.2022 **Adxudicación de contrato menor** de obras de “**Reparación e substitución de valos de madeira**” a **Alberto Fernández Gómez**, por importe total de **1.772,65 €**, *expte 9/2022*.
- 088 20.09.2022 Aprobación de catro xustificantes, recoñecemento da obriga de gasto e **orde do pago ao Concello de Vigo** polo **IBI do ano 2022** (201 ref. catastrais), **por impte. total de 59,14 €**.
- 089 20.09.2022 **Autorización e disposición de gasto** por subministros e servizos para a **XXIV “Festa da Sidra 2022”**, e autorizar emisión de orde de **pago “a xustificar”** a favor do Alcalde Pedáneo, **por impte. total de 5.500 €**.
- 090 26.09.2022 **Convocatoria de sesión ordinaria da Xunta Veciñal para o 29.09.2022** (8 asuntos).

8. Rogos e preguntas.

Non se formulan.



*Entidade Local Menor
de Bembrive*

O Alcalde Pedáneo informa que este fin de semana celebrarase a vixésimo cuarta Festa da Sidra, desexándo a todos unhas boas festas.

.....

E non tendo outros asuntos a tratar, a Presidencia levanta a sesión sendo as 20:47 h. do día indicado de todo o cal, como secretaria, dou fe.

Vº e pr. do Alcalde Pedáneo,

Asdo. Marcos Castro González



A Secretaria Interventora,

Asdo. Patricia Alvarellos Leis